



AVISO LEGAL

1. Aplicación e propiedade de SANDE Y DIAZ

O titular do presente sitio web (www.sandeydiaz.com ou www.depursan.com) é SANDE Y DIAZ, S.L. (en diante SANDE Y DÍAZ) con enderezo social en Rúa Nóvoa Santos, 11 baixo, 15006 A Coruña (España) e enderezo de correo electrónico sandeydiaz@sandeydiaz.com inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña, Folio 188, Libro 241, Inscrición 1ª, Folla 849 e con Número de Identificación Fiscal B- 15.033.558.

Este sitio web foi creado co fin de proporcionar ós usuarios información detallada de SANDE Y DIAZ, e, a traveso de distintos medios, para contactar e comunicarse coa empresa. Asimismo, ofrece a posibilidade de acceder á información relevante sobre produtos e servizos ofrecidos por SANDE Y DIAZ. Pode poñerse en contacto con SANDE Y DÍAZ no seguinte correo electrónico: sandeydiaz@sandeydiaz.com.

2. Salvagarda Legal

As seguintes cláusulas regulan o uso deste sitio. Se vostede non está dacordo con elas, por favor, abandoe o sitio inmediatamente.

3. Temas de Uso e Utilización de Servizos

a. Obriga de facer un uso correcto do servizo

As condicións de acceso e uso deste sitio web están suxeitos á lexislación vixente e ós principios de boa fe e uso lícito por parte do usuario da mesma quedando prohibido, en xeral, calquera acción en detrimento de SANDE Y DIAZ e contraria ó presente aviso legal. O usuario comprométese a utilizar iste servizo sen incurrir en actividades que poidan ser consideradas ilícitas ou ilegais, violando os dereitos de SANDE Y DIAZ ou de terceiros, ou que poideran danar, deshabilitar, sobrecargar ou deteriorar o Servizo ou impedir a normal utilización do mesmo por outros usuarios.

b. Solicitude de Contido

O usuario non poderá esixir ningún tipo de contido dispoñible a traveso deste sitio web, utilizando medios ou procedementos distintos dos que foron postos ó seu dispor ou distintos dos utilizados normalmente por Internet.

c. Prohibicións

Prohíbese o uso deste sitio web con fins ilegais ou non autorizados e, especificamente, pero non limitado a:

- Calquera xeito de violación dos dereitos de terceiros (dereito á intimidade, propia imaxe, dereitos de propiedade intelectual, etc.).
- Realizar, utilizando o contido deste sitio web, toda a publicidade e o envío de correos electrónicos non solicitados (spam) ou comunicacións semellantes.
- Introducir virus, arquivos danados, calquera outro software semellante ou programas que poidan danar ou alterar de xeito non autorizado os contidos ou sistemas accesibles a traveso deste sitio web.

4. Propiedade Intelectual

Os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública da páxina web son propiedade de SANDE Y DIAZ. Tódolos textos, deseños, contidos, estrutura, bases de datos, logos, fontes e outros elementos da páxina web están protexidos pola lei e os tratados internacionais vixentes sobre a materia. SANDE Y DIAZ posúe tódolos dereitos de propiedade intelectual precisos para opera-lo sitio web e tódolo seus elementos compoñentes.



Calquera reprodución, distribución, comunicación pública, transformación ou calquera outra forma de explotación da totalidade ou parte do contido da páxina web, feita de calquera xeito ou por calquera medio, sexa electrónico, mecánico ou doutro modo, está estritamente prohibida. A violación destes dereitos dará como resultado un fin nos procedementos xudiciais pertinentes, civís e /ou penais.

SANDE Y DIAZ é o propietario das marcas, logotipos e nomes de dominio relacionados cos servizos a traveso da súa páxina web, e está estritamente prohibida a reprodución ou uso non autorizado polo titular do dereito de autor.

5. Protección de Datos

Dacordo coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle de que, no caso de que os houber, os seus datos serán utilizados por SANDE Y DIAZ para cursa-la súa solicitude e serán tratados de xeito confidencial e informatizado. Entenderemos que presta o seu consentimento para a cesión dos datos con finalidades comerciais e estatísticas a SANDE Y DIAZ. No caso contrario, rogamos nolo indique. O usuario ten dereito en calquera intre a oporse, cancelar e rectifica-los datos referentes á súa persoa incluídos nas nosas bases de datos dirixíndose a SANDE Y DIAZ a traveso do enderezo de correo electrónico sandeydiaz@sandeydiaz.com, ou no seguinte enderezo postal: SANDE Y DÍAZ – R/ Nóvoa Santos, 11-baixo, 15006 A Coruña (España), acreditando debidamente a súa personalidade.

6. Limitación de Responsabilidade

O usuario é o único responsable das infraccións en que poida incurrir ou de calquera dano que poidan causar a terceiros polo mal uso ou uso ilegal da páxina web.

SANDE Y DIAZ non será responsable por calquera perda ou danos derivados de interferencias, omisións, interrupcións, virus informáticos, avarías telefónicas ou desconexións no funcionamento do equipo ou sistema electrónico, motivadas por causas alleas á empresa, os retrasos ou bloqueos no uso destes sistemas causados por deficiencias ou sobrecargas de liñas telefónicas, sobrecargas no sistema de Internet ou doutros sistemas electrónicos.

Das ligazóns dende iste sitio cara a outros sitios controlados por terceiros, SANDE Y DIAZ non se fai responsable dos contidos de ningún sitio ou ó que o usuario poida ligar ou das consecuencias que isto conleve. Os usuarios fan uso de hipervínculos ó seu propio risco. As ligazóns que poideran figurar no sitio web a outros sitios web establecéronse con fins puramente informativos e non implican ningunha asociación cos sitios ligados, nin recomendación dos bens ou servizos ofrecidos por estes sitios. SANDE Y DIAZ non garante nin as condicións nin a legalidade dos contidos ou a prestación axeitada dos servizos ofrecidos ós usuarios por terceiros, ós que se poida acceder mediante as ligazóns. Tampouco é responsable dos hipervínculos que os seus clientes poidan crear a traveso dos seus sitios web.

SANDE Y DIAZ renuncia á responsabilidade das cookies de terceiros externos que poidan instalar no disco duro do ordenador do usuario.

Tampouco dará lugar á responsabilidade de SANDE Y DIAZ por erros tipográficos ou imprecisións que se poidan ver no contido do sitio.

7. Servizos

SANDE Y DIAZ resérvase o dereito de dar acceso ó seu sitio web, sen previo aviso, á súa discreción e temporal, e o dereito de modificar, actualizar, modificar unilateralmente, en calquera intre e sen previo aviso, a presentación, aviso legal, condicións de servizo, ou utiliza-lo sitio web e o contido do mesmo e, en calquera caso, con respecto ás normas aplicables.

8. Política de privacidade

¿Que son as cookies?

Unha cookie é un ficheiro que se descarga no seu dispositivo ao acceder a determinadas páxinas web. Estas cookies permiten á nosa páxina web, entre outras cousas, gardar e recuperar información sobre os hábitos de



navegación dun usuario ou do seu equipo e, dependendo da información que conteña e do xeito en que utilice o seu equipo, poden utilizarse para recoñecer ao usuario.

¿Que tipos de cookies utiliza esta páxina web?

Cookies técnicas: Son aquelas creadas e xestionadas unicamente por nós, e permiten ao usuario a navegación a traveso da nosa páxina web e a utilización das diferentes opcións como, por exemplo, identificar a sesión, personalizar información ou acceder a zonas de acceso restrinxido.

Cookies de análise: Son aquelas que, ben sexa pola nosa banda ou da de terceiros, permiten cuantifica-lo número de usuarios e así realizar una medición e análise estatístico do uso que os usuarios fan do servizo ofertado. Así analízase a navegación na nosa páxina web, co fin de mellora-la oferta de produtos ou servizos que lle ofrecemos.

¿Como desactivar cookies?

Pode permitir, bloquear ou eliminar as cookies instaladas no seu equipo mediante a configuración das opcións do navegador instalado na súa computadora.

9. Lexislación aplicable e xurisdicción

Os termos e condicións que rixen esta páxina web, así como as relacións que poideran derivarse da mesma, están protexidas e quedan suxeitas á lexislación española. Para a resolución de calquera tipo de controversia, litixio ou discrepancia que poidera suscitarse entre o usuario e SANDE Y DÍAZ polo uso deste sitio web, someteranse, para a resolución dos mesmos, á xurisdicción e competencia dos tribunais da Coruña, con renuncia expresa por parte do usuario de calquera outro foro que poidera corresponderlle.

A Coruña, marzo de 2014

Asdo.:Pablo Sande,
Dirección
SANDE Y DÍAZ, S.L.



Rúa Nóvoa Santos, 11, baixo
15006 A Coruña (Galicia, España)
Tel. +34 981 174 209. Fax: + 34 981 174 472
CIF: B15033558
www.sandeydiaz.com
sandeydiaz@sandeydiaz.com